

# O Tribunal Russell sobre Palestina. Entre o espectáculo, o simbolismo e a esperanza

---

Mónica Zapico Barbeito (Investigadora de Dereito penal internacional na Universidade da Coruña)

## O comezo dos Tribunais Russell

Os Tribunais Russell, tamén coñecidos como Tribunais Internacionais por Crimes de Guerra ou Tribunais Russell-Sartre, son unha sorte de tribunais populares que se comezaron a celebrar en 1967 co Tribunal Russell sobre Vietnam. O Tribunal, impulsado polo Nobel de Literatura e filósofo Bertrand Russell, presidido por Jean-Paul Satre e no que participaron destacados intelectuais da época como Julio Cortázar ou Simone de Beauvoir, entre outros moitos, pretendía investigar e avaliar a responsabilidade dos EEUU na intervención militar en Vietnam.

O Tribunal Russell, que non ten un estatuto legal e por tanto carece de validez xurídica, actúa como un tribunal popular fronte os crimes e violacións do dereito internacional cando as xurisdicións nacionais e internacionais non actúan ou cando, a pesar de seren recoñecidas estas violacións, permanecen na máis absoluta impunidade debido á absoluta falta de vontade política de perseguilas. A lexitimidade deste Tribunal non debe buscarse no apoio dun goberno ou grupo político, xa que unha das súas maiores virtudes é a súa total independencia con respecto ós poderes públicos, senón que asenta no prestixio, na carreira profesional e no compromiso cos dereitos humanos dos membros que o integran.

Este primeiro Tribunal sobre Vietnam, co seu formato de tribunal de conciencia popular, tivo un importante impacto nos medios e foi definido polo seu precursor como un “mecanismo altamente representativo, independente e respectado”. Uns anos máis tarde, entre 1974 e 1976, o Tribunal celebrou varias sesións sobre as violacións dos dereitos humanos por parte das ditaduras de Arxentina, Brasil e Chile e en 2004 tivo lugar un Tribunal Russell sobre Iraq.

## O Tribunal Russell sobre Palestina

O Tribunal Russell sobre Palestina, que celebra a súa primeira sesión os días 1, 2 e 3 de marzo en Barcelona, pretende examinar as violacións de dereito internacional das que o pobo palestino é vítima e lle impiden exercer o seu dereito a ser un pobo soberano, o que supón un

quebrantamento grave dos Convenios internacionais, en especial do Convenio de Xenebra para a protección das poboacións ocupadas por unha potencia estranxeira. Para iso, toma de referente a opinión consultiva emitida o 9 de xullo de 2004 pola Corte Internacional de Xustiza (CIX) que ditaminou a ilegalidade do muro construído por Israel na Palestina ocupada, así como a Resolución ES-10/15 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas recoñecendo a opinión da CIX.

De todos xeitos, non se busca só analizar a responsabilidade de Israel e estigmatizalo como culpable das violacións, pois esta xa ten sido establecida pola ONU e a CIX, senón tamén determinar a consabida responsabilidade de terceiros estados e organizacións internacionais como a Unión Europea, as Nacións Unidas e a Liga Árabe, cómplices pola súa actitude pasiva ante o sufrimento do pobo palestino.

Aínda que foron moitos os países pertencentes á Asemblea de Nacións Unidas que aprobaron a devandita resolución, despois eses mesmos países simplemente limitáronse a emitir condenas públicas do reprochable da situación, sen faceren o máis mínimo esforzo por perseguir Israel pola comisión destes actos. Condenas sen sanción porque Israel, que despreza constantemente o dereito internacional, conta co apoio tácito da comunidade internacional, en especial dos EEUU, e benefíciase da ineptitude dunha Unión Europea (UE) incapaz de facer respectar o dereito internacional. Eles, coa súa inercia cómplice, perpetúan non só a impiedade dos crimes cometidos contra o pobo palestino, senón tamén a agravación e permanencia das violacións e crimes contra a humanidade que se están a cometer nese territorio.

O Tribunal Russell, que parte da idea de que non só as persoas son responsables dos crimes cometidos senón tamén os estados e organizacións internacionais, está motivado, en primeiro lugar, e como dicíamos, pola inactividade das institucións e órganos competentes para tratar de protexer o pobo palestino ante a comisión destes crimes. Pretende así condenar as partes responsables, desde un punto de vista de dereito internacional, e reafirmar a supremacía do dereito internacional para solucionar o conflito palestino israelí.

Non obstante, carecendo as condenas deste tribunal de opinión de toda validez xurídica, o seu fin principal é sensibilizar a opinión pública sobre as violacións graves de dereitos que está a sufrir o pobo palestino e mobilizala para que exerza presión sobre ás Nacións Unidas e os estados membros a fin de que estes adopten as medidas necesarias que poñan fin á impiedade do estado de Israel.

A primeira sesión internacional deste Tribunal ten lugar en Barcelona e está prevista a celebración doutras tres sesións máis (en Nova York, Londres e Sudáfrica), cada unha delas centrada nun aspecto concreto, tratando a de Barcelona especificamente sobre a complicidade da UE.

## **Críticas ós Tribunais Russell**

Non obstante, a existencia dos Tribunais Russell non está exenta de polémica. A primeira crítica que recibe é que se denomine así mesmo “tribunal”. Cando falamos de tribunais referímonos a algo moi concreto, un órgano público que exerce xurisdición, que se rexe por uns principios e onde se deben respectar uns dereitos intrínsecos a todo proceso como o dereito a convocar testemuñas, o dereito de interrogatorio, o dereito de non incriminar contra si mesmo, o dereito de recusar as probas indebidamente obtidas e os xuíces ou xurados en razón da parcialidade ou conflito de interese, o dereito de recurso e un amplo etc. de dereitos. Ténselle reprochado ós Tribunais Russell o feito de utilizar un formato de sala con xurado mais no que non existe un proceso contradictorio. Un tribunal onde non se teñen en conta os dereitos dos acusados, no que non se avalían convenientemente as probas presentadas, xa que non están suxeitas a verificacións técnicas nin exames cruzados pero que, finalmente, condena negando os dereitos dos acusados en nome da conveniencia.

Fronte a esta crítica arguméntase que non poden ser comparados cos tribunais clásicos porque nos Tribunais Russell non se leva a cabo un procedemento criminal onde os dereitos dos individuos sexan postos en xogo -o que si requiriría unha exhaustividade na persecución, exame das probas, etc.-, senón que o que se xulga son os actos dos estados e organizacións implicadas que, se ben están convidados a participar, non o farán para non dar lexitimidade ó Tribunal.

En segundo lugar, criticase a falta de independencia e obxectividade do xurado e censúrase a parcialidade e tendencia a ignorar outros argumentos políticos e legais. Aínda que non se dubida do seu prestixio profesional e o seu compromiso cos dereitos humanos, o certo é que o compromiso *a priori* coa causa Palestina, non só resta credibilidade á súa resolución, senón que o propio Tribunal ve comprometida a súa integridade sendo os xuíces parciais e, o que é aínda peor, cando séndoo, non poden ser recusados.

En terceiro lugar, repróchasele que o resultado destes xuízos está, xeralmente, decidido con antelación, de xeito que os informes realízanse previamente á celebración do xuízo coa finalidade de proporcionar unha condena, estando determinada dende o comezo das sesións a culpabilidade dos acusados. Para os seus detractores, non se trataría dun proceso para discernir a verdade, senón dunha sorte de farsa xudicial, unha burla, un *show*, un espectáculo e mesmo un tribunal ilegal, comparándoos así co que foron no seu día os Xuízos de Nüremberg.

## **Utilidade ou non dos Tribunais Russell?**

Á marxe destas críticas, cabe preguntarse sobre a utilidade mesma dos Tribunais Russell. Nun mundo globalizado onde o dereito internacional está gravemente en crise; onde organizacións internacionais como a ONU preséntanse como mecanismos obsoletos na nova orde global; onde a pesar de existiren resolucións condenatorias dos crimes cometidos estas son ignoradas sistematicamente e onde os mecanismos xurídicos axeitados para podermos perseguir os crimes cometidos (como a Corte Penal Internacional) permanecen nunha total inactividade, teñen sentido os Tribunais Russell?

Os seus detractores argumentan que non teñen sentido cando vivimos nun período onde son máis fortes os intereses políticos que o dereito internacional, a procura da xustiza e a loita contra a impunidad. Se as resolucións das institucións internacionais son ignoradas, moito máis o serán as destes tribunais que non son vinculantes nin exercen ningunha autoridade polo que carecen de toda influencia política sobre os gobernos acusados e os seus dirixentes. En definitiva, a pesar da súa repercusión nos medios, o seu valor é soamente simbólico, polo que as súas conclusións serán ignoradas por aqueles que resulten afectados. Do mesmo xeito, non poderán rematar cos crimes do silencio porque carecen de toda eficacia preventiva, nin acabarán coa impunidad porque nin tan sequera se xulga individuos, senón a actuación de países.

En contra, os defensores dos Tribunais Russell argumentan que son unha ferramenta útil para loitar contra a inxustiza, unha ferramenta onde a sociedade civil se apropia do dereito internacional cando este é ignorado sistematicamente. Aínda que as súas conclusións non teñan forza xurídica, aínda que non se poidan previr os crimes do silencio e aínda que quimericamente se poidera pór fin ás inxustizas, evitarán polo menos que estas caian no esquecemento. Así, no caso do Tribunal sobre Vietnam, cando o silencio xa se tornara norma, púidose finalmente pór en coñecemento da sociedade o que acontecera realmente.

## **Conclusións**

Á marxe de todas as dúbidas e críticas que presenta sobre o seu valor como instrumento na defensa dos dereitos humanos, na loita contra a impunidad e sobre a súa imparcialidade, obxectividade e demais, o Tribunal Russell, como tribunal popular, ten a súa propia potencialidade que residiría en asumir que realmente a súa función está en confirmar a verdade, esa verdade que os estados e as organizacións obvian eludindo as súas responsabilidades. Ó mesmo tempo, con esa confirmación da verdade, poderán convencer os que dúbidan das violacións de dereitos que se produciron e continúan a producirse.

Para conseguilo e eludir as críticas, moitas delas fundadas, debería evitarse a aparencia dun tribunal espectáculo onde actúan un grupo de xuíces simbólicos que formulan conclusións en función das súas propias preferencias. Os Tribunais Russell poderían ser moito máis

efectivos mostrando as evidencias dos crimes cometidos, ocultando todos os xuízos de valor ó respecto e deixando así a opinión pública tirar as súas propias conclusións. De feito, o propio Bertrand Russell recoñeceu no seu día que tería sido máis axeitado que o Tribunal tomase a forma dunha “comisión internacional de investigación”, máis que un “tribunal”.

A función do Tribunal Russell sobre Palestina non debería ser, por tanto, tratar de descubrir a verdade pois xa está máis que probado por medio das resolucións da ONU e a CIX que as accións cometidas por Israel foron ilegais, que se están a cometer violacións de dereitos contra o pobo palestino e que a comunidade internacional é cómplice silenciosa en todo iso. Ante ben, o seu labor residirá en reforzar estas conclusións tan persuasiva e vistosamente como sexa posible, pois o seu valor reside precisamente, e case exclusivamente, no carácter simbólico, coa esperanza posta en que o silencio e o esquecemento non se cerna sobre as inxustizas cometidas.